

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

RESOLUCIÓN do 12 de febreiro de 2026 pola que se dá publicidade á adhesión dunha entidade financeira ao convenio para a habilitación dun marco de apoio ao acceso ao financiamento das pequenas e medianas empresas, suscrito coas sociedades de garantía recíproca (financiamento Igape-pemes) (código de procedemento IG535A).

O Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica, na súa xuntanza do día 24 de novembro de 2025, acordou por unanimidade dos seus membros asistentes a aprobación das bases reguladoras do marco de apoio ao acceso ao crédito das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio coas sociedades de garantía recíproca e as entidades de crédito adheridas (financiamento Igape-pemes) para os anos 2026, 2027 e 2028. As ditas bases publicáronse mediante Resolución do 30 de decembro de 2025 (DOG nº 10, de 16 de xaneiro de 2026).

Xunto co texto das ditas bases publicouse a relación das entidades financeiras que se adheriron ao convenio (anexo VII). O dito anexo foi substituído mediante corrección de erros publicada no DOG número 26, do 9 de febreiro de 2026.

Posteriormente, con data do 10 de febreiro de 2026, adhírese a entidade financeira Ibercaja Banco, S.A., polo que cómpre facelo público.

Polo que antecede, en virtude das facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Único. Engadir a entidade financeira Ibercaja Banco, S.A., á relación de entidades financeiras adheridas ao convenio para a habilitación dun marco de apoio ao acceso ao financiamento das pequenas e medianas empresas, suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as sociedades de garantía recíproca (financiamento Igape-pemes).

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2026

Covadonga Toca Carús
Directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

